

Decreto

Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

ASUNTO: APROBACIÓN DE LISTA DE RESERVA PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE OFICIAL VIXIANTE/A RECADADOR/A.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 4 de marzo do 2020 adoptou, entre outros, o acordo 10/100 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL VIXILANTE/A RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2017) E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2016), sendo convocado o correspondente proceso selectivo polo Decreto 2825/2020 do 26/05/2020, publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 154, do 7 de xullo de 2020.

Á vista do acordo 18/594 adoptado na Xunta de Goberno Local do día 25 de setembro de 2019 de APROBACIÓN DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO que establece na base Segunda:

“SEGUNDA.- CREACIÓN DAS BOLSAS DE TRABALLO

1.- As bolsas de traballo crearanse como consecuencia de:

a) A realización das “probos selectivas” para o acceso á función pública no Concello de Lugo ou para o acceso á condición de persoal laboral fixo. Constituirase unha bolsa de traballo cos/as aspirantes que, ao menos, superasen o primeiro exercicio. Esta bolsa terá unha vixencia de tres anos desde a súa aprobación, salvo que con anterioridade á dita data se constituía unha nova bolsa que a substitúa como consecuencia dun proceso selectivo ou en caso contrario sexa necesaria a súa prórroga polo tempo que se determine polo órgano competente en caso de urxencia e necesidade debidamente acreditada no expediente.

Esta bolsa usarase para a cobertura interina ou temporal en calquera dos supostos sinalados na base primeira.”

Unha vez rematado dito proceso selectivo, visto o ANUNCIO Nº 2 (RESULTADOS DO PRIMEIRO EXERCICIO) o e ANUNCIO Nº 4 (RESULTADOS DO PROCESO SELECTIVO) do Tribunal de selección de 2 prazas de Oficial Vixiante Recadador do Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2016 e 2017) publicados no taboleiro de anuncios deste Concello e páxina web, as puntuación obtidas polas persoas opositoras que non superaron o proceso selectivo pero que aprobaron ao menos o primeiro exercicio obligatorio e eliminatorio da oposición para o acceso en

Personal

DTP/egp

Refª: ispac917689915202131407.doc

Asunto: Lista de reserva Ofic. Vixiante Recadador

propiedade a 2 prazas de Oficial Vixiante/a Recadador/a do Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2016 e 2017), son as seguintes:

Según esos datos, la tabla de puntuaciones sería:

Apelidos e nome	Cualificación 1º exercicio	Cualificación 2º exercicio	Puntuación total
Portas Muinelo, César	9,334	7,79	17,124
Mourelle Agruña, David	6,004	7,62	13,624
Núñez González, Lucía	5,668	6,27	11,938
Rodríguez Cabañas, Miguel	5,168	5,43	10,598
Hoepelman Santana, Engels	7,168	NON APTO	7,168

Resultando a seguinte lista de reserva:

- 1º: César Portas Muinelo (17,124 ptos)
- 2º: David Mourelle Agruña (13,624 ptos)
- 3º: Lucía Núñez González (11,938 ptos)
- 4º: Miguel Rodríguez Cabañas (10,598 ptos)
- 5º: Engels Hoepelman Santana (7,168 ptos)

Esta Concellería, en base á delegación de atribucións por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019 RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de OFICIAL VIXIANTE/A RECADADOR/A, prevista no apartado 1.a) da base Segunda das BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, dende a que se irá chamando os candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un deles/as, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, á vista do ANUNCIO Nº 2 (RESULTADOS DO PRIMEIRO EXERCICIO) o e ANUNCIO Nº 4 (RESULTADOS DO PROCESO SELECTIVO) do Tribunal de selección, publicados no taboleiro de anuncios deste Concello e páxina web, que a continuación se indica:

Nº orde	Apelidos e nome	DNI
1	Portas Muinelo, César	***4459**
2	Mourelle Agruña, David	***3683**
3	Núñez González, Lucía	***3578**
4	Rodríguez Cabañas, Miguel	***3652**
5	Hoepelman Santana, Engels	***8706**

Segundo.- A mencionada lista para a cobertura interina rexerese por as BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO aprobadas por acordo 18/594 adoptado na Xunta de Goberno Local do día 25 de setembro de 2019.

Terceiro.- Que se proceda á súa publicación na páxina web e taboleiro de anuncios, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa e que contra a mesma, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado deste orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación. Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.